



**BORRADOR
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
4 DE XANEIRO DE 2017**

ASISTENTES:

Presidenta:

D^a María Ramallo Vázquez

Concelleiros/as presentes:

D. Manuel Santos Costa
D. Francisco J. Estévez Salazar
Dna. M^a. Cristina Acuña González
Dna. M^a. Antonia Sanmartín García
D. Antonio Traba Miñones
D. Pablo Novas Caballero
Dna. M^a José de Pazo Allariz

Secretaria:

Dna. Paula Costas Romero.

Na Vila de Marín e na súa Casa Consistorial, sendo ás 13:48 horas do día **4 de xaneiro de 2017**, baixo a presidencia da Alcaldesa, dona María Ramallo Vázquez, reúnen os concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar a **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

1.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior, celebrada o 28 de decembro de 2016.

Sometido a votación o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2016 e, ao non formularse observacións á mesma, resulta aprobada por unanimidade e sen rectificación algunha.

2.- Subvencións.

Expte.: 155/16.- CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL - PLAN CONCERTADO 2016: Dación de contas da resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social, de data 19 de decembro de 2016, pola que se aproban as propostas de asignación de transferencias finalista correntes para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios, a favor do Concello de Marín ao abeiro do Decreto 99/2012 do 16 de Marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento .

Dáse conta da resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social, de data 19 de decembro de 2016, notificada en data 30 de decembro de 2016, pola que se aproban as propostas de asignación de transferencias finalista correntes para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios, ao abeiro do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, na cal se acorda:

Asignar ao Concello de Marín a transferencia finalista corrente desgregase para os conceptos e polas contías que se relacionan de seguido:

CONCEP.	N.º POSTOS DE TRABAJO FINANCIADOS	RENOVACIÓN	INCREMENTO /NOVO	TOTAL ASIGNADO 2016	REMANENTE	TOTAL ASIG DESCONTADO REMANENTE	PRIMERO ANTICIPO XA LIBRADO Nº 1º CUADRIMESTRE
Traballador/a social	2,0	33.630,00	0,00	33.630,00	0,00	33.630,00	15.013,00
Educador/a social	1,0	16.815,00	0,00	16.815,00	0,00	16.815,00	7.506,50
SAF Prestación básica		6.753,95	0,00	6.753,95	0,00	6.753,95	4.739,41
TOTAL		57.198,95	0,00	57.198,95	0,00	57.198,95	27.258,91



A contía final destas transferencias finalistas correntes deberán ser xustificadas, coa data límite do 31 de marzo de 2017, de conformidade co previsto nos artigos 43.1, 44 e 52.4 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ACEPTAR ESTA TRANSFERENCIA e cumprir coas obrigas establecidas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

Expte.: 671/16.- DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA: Dación de conta das Bases e convocatoria do plan provincial de cooperación ás obras e servizos (PLAN CONCELLOS) 2017.

Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria do plan provincial de obras e servizos (**PLAN CONCELLOS**) 2017, cuxo extracto foi publicada no BOP núm. 1, do 2 de xaneiro de 2017).

A Xunta de Goberno Local queda informada do seu contido.

3.- Rogos e preguntas. Non se formularon.

Sendo as 13:55 horas, e sen máis asuntos que tratar, a sra. Alcaldesa-Presidenta, procede a levantar a sesión, do que como Secretaria dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA

María Ramallo Vázquez

Paula Costas Romero.